

## Bases do concurso #TikTokTea

A Concellaría de Cultura e a Concellaría de Mocidade do Concello de Ponteareas inicia un novo certame co que se pretende estimular a creatividade entre a mocidade, animar a creación de vídeos en galego con novos formatos e temáticas, e darlles visibilidade ás/aos *tiktokers* do Concello de Ponteareas.

Poderá participar a mocidade a partir de 13 anos, e os seus "TikToks" serán valorados por un xurado composto por persoas recoñecidas no ámbito audiovisual ponteareán e nas redes sociais. Cada participante pode enviar un máximo de dous vídeos.

Para participar no certame, deberase enviar ao enderezo electrónico [auditoriomunicipal@ponteareas.gal](mailto:auditoriomunicipal@ponteareas.gal) a ficha de participación cuberta e asinada, xunto co vídeo creado. O prazo de inscrición rematará o vindeiro 17 de febreiro de 2021. Os premios entregaranse nun acto público que se anunciará previamente.

### **Bases:**

1.º- Poderán participar todas as persoas a partir de 13 anos, de xeito individual ou por parellas. No caso de participar dúas persoas no mesmo vídeo, deberá ser con pantalla compartida, cumprindo as normas sanitarias de seguridade.

2.º- O certame divídese en dúas categorías e a adscrición a cada unha delas dependerá da idade que teñan as persoas participantes o día 17 de febreiro de 2021, data de remate do prazo de presentación dos vídeos.

- Primeira categoría: de 13 a 16 anos (ambas as idades incluídas)
- Segunda categoría: a partir de 17 anos

3.º- Designarase un xurado composto por persoas recoñecidas no ámbito audiovisual e nas redes sociais, que valorarán o atractivo das creacións no seu conxunto e terán en conta aspectos como a orixinalidade, a creatividade, a calidade lingüística...

A súa composición farase pública con antelación á emisión do ditame.

A participación neste certame implica a aceptación das bases e as decisións do xurado.

4.º- Estabelécense dous premios de 100 € en cada categoría. Un, outorgado polo xurado e, outro, polo público.

Os participantes deben asinar un documento para que o Concello de Ponteareas poida comprobar que non teñen débedas coa Seguridade Social, nin coas axencias tributarias estatal (AEAT) e autonómica (ATRIGA). Así mesmo, os premiados deben entregar no prazo de 5 días a ficha de terceiros do Concello debidamente cumprimentada.

### **5º - Características e condicións dos vídeos**

- Os vídeos teñen que estar en lingua galega e deben ser de creación propia, a través da aplicación TikTok. Será obrigatoria a presenza da lingua galega, xa sexa de xeito oral, escrito ou musical.
- A duración de cada peza estará comprendida entre os 20 e os 60 segundos.
- Non se admiten vídeos que promovan unha mensaxe violenta, sexista, denigrante ou ofensiva.
- Nas gravacións realizadas en espazos públicos, débense respectar as medidas de prevención da Covid-19 existentes.
- As pezas audiovisuais deberán estar relacionadas coa música, o espazo, a gastronomía, as tradicións, ou calquera outro elemento característico do Concello de Ponteareas.

## 6.º - Prazos, inscrición dos vídeos e procedemento

- O prazo de inscrición comeza o día seguinte ao da publicación destas bases no BOP e remata o 17 de febreiro de 2021.
- Para participar no certame, deberase enviar ao enderezo electrónico **auditoriomunicipal@ponteareas.gal** os seguintes arquivos:
  - Ficha de participación, cuberta e asinada (no caso de menores de idade, asinarán os/as representantes legais), acompañada dos documentos requiridos nela. Descargaranse da páxina web municipal [www.ponteareas.gal/tiktoktea](http://www.ponteareas.gal/tiktoktea)
  - Vídeo/s co que se vai participar.
- A organización comprobará que se cumpren os requisitos e enviará un correo coa confirmación da inscrición.
- Todas as pezas admitidas subiranse ao Instragram de Cultura e Turismo (@visitponteareas) co cancelo #TikTockTea.
- O prazo de votación para determinar os premios do público será entre o 18 ao 24 de febreiro de 2021.
- O concello de Ponteareas resérvase o dereito de empregar os vídeos participantes na promoción das actividades municipais nas redes sociais, sempre que o considere axeitado.

Estas bases enviáranse a Base de Datos Nacional de Subvencións, publicárase un estrato no BOP de Pontevedra e tamén se publicaran na web do Concello e no taboleiro de anuncios. O **prazo** empezará a contar dende o día seguinte á publicación destas bases no BOPPO. O prazo remata o 17 de febreiro de 2021.